

Contrato de compromiso lingüístico Desafío 72 h

IES Rego de Trabe - Alumnado

Eu, _____, alumna/o do curso _____ e grupo _____ do IES Rego de Trabe de Culleredo, **comprométome** a participar no **Desafío 72 h**, polo tanto, **a usar a lingua galega os días 10, 11 e 12 de maio de 2022**, co seguinte nivel de compromiso:

[marca cun X a opción elixida]

- Nivel **Eu ♥ galego**: durante o horario lectivo, no instituto, con todos/as os/as alumnos/as, profesores/as e resto de persoal.
- Nivel **Eu ♥ galego +**: durante todo o día, tanto fóra coma dentro do instituto, en todas as situacións comunicativas.

Así, durante estas 72 h, **comprométome**:

No nivel **Eu ♥ galego**:

- A dicir “Bos días” ao chegar ao instituto e ver os/as compañeiros/as (alumnos/as, conserxes, profes, persoal de limpeza, persoal da cafetería...), a responder en galego cando me preguntan a hora, que toca, en que clase, se había deberes, se onte fun adestrar, se vin as historias de Instagram de non sei quen, algo do videoxogo co que estou viciado/a ou da serie que estou a ver, se entendín o que acaban de explicar na clase, se baixo á cafetería ou que me parece como vén hoxe esa/e para a/o que, inevitablemente, tanto miro. E todo iso, a preguntárllelo eu tamén aos/ás demais en galego. Vaia, a falalo todo o día no instituto, tanto na clase coma nos recreos, e con todo o mundo.
- A sorrir amablemente cando alguén me mire raro ou me diga algo por falar galego e a dicirlle: “A que me queda ben? Estou participando no *Desafío 72 h*, sabes o que é? Podíaste animar ti tamén! Ademais, a partir de agora vou intentar falalo un pouquiño máis! :-)”.
- A tomar apuntamentos, notas na axenda ou en post-its en galego.

No nivel **Eu ♥ galego +**, a todo o do nivel **Eu ♥ galego** e, ademais:

- A falar galego tamén na casa, coa familia, na cea, para discutir co meu irmán, no adestramento, cando vaia comprar o pan, cando me chamen por teléfono ou cando chame eu, a dicirlle “bos días” ou “boas tardes” á veciña do 4º cando cadremos no ascensor, a berrar “pásama!” á miña compañeira de equipo no adestramento etc.
- A whatsapear, a subir historias de Instagram ou facer algún Tiktok en galego.

Ademais de todo isto (en calquera dos dous niveis) vou:

[marca cun X a(s) opción(s) elixida(s)]

- Seguir a información de todo o Desafío 72 h e recomendacións lingüísticas nas contas de Instagram @regodetrabe e @galegonorego.
- Se teño un teléfono Android, configuralo en galego (é fácil! Algo así como: Axustes > Xestión xeral > Idioma > Galego. Proba, xa verás!).
- Configurar tamén en galego o Google, Gmail, Drive, Youtube etc. (Tamén é moi doado! Algo así como: Configuración > Ver toda a configuración > Idioma > Galego).
- Descubrir algo de música en galego de diferentes estilos. De hip hop, de pop, de indie, de trap, de rock... (Podes buscar en Youtube, Spotify, fixarte na exposición do intituto, ver as recomendacións do Instagram de @galegonorego ou, por exemplo, para coñecer algúns grupos, en: <http://musicaengalego.blogspot.com/>).
- Descubrir algo máis para ler en galego: banda deseñada, literatura de todo tipo, revistas de tendencias na rede, información deportiva...
- Ir anotando nun caderno (en galego, claro!) as impresións que vou tendo ao estar falando galego todo o día, como me sinto, que cousas raras noto, as reaccións da xente, se alguén me pon cara rara ou me di algo de que me nota algo estraño en min, ou de que lle gusta que fale galego, ou de que non, ou de que me queda ben, de que me fai distinto/a...
- A gravar algún vídeo ou subir algunha story sobre as miñas experiencias ou impresións no Desafío 72 h.

E, para certificar o meu compromiso, asino este contrato

[sinatura]



Culleredo, _____ de _____ de 2022